

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XUÑO DE 2017**

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	8
5	TEMPERATURA	12
5.1.	Temperatura media das máximas.	12
5.2.	Temperatura media das mínimas.	13
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	14
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2017.	18
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual xuño 2017	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en xuño de 2017	21
6.4.	Evolución da precipitación en xuño de 2017.	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	28
9	RAIOS	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 18/07/2017



Mes moi cálido, cun episodio significativo de chuvias cara ao final.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xuño quedou en xeral caracterizado por unha parte central na que as altas presións aportaron estabilidade, deixando ceo despexado, pero ademais achegaron masas de aire cálido procedente do norte de África que fixeron que as temperaturas fosen moi elevadas. Estes episodios foron os responsables de que teñamos que considerar o mes como moi cálido.

Así, as dúas primeiras xornadas do mes estiveron caracterizadas polas altas presións, aínda que unha borrasca profunda localizada ao oeste de Irlanda non deixou que se movesen cara ao norte, de xeito que o ceo quedou en xeral despexado pero as temperaturas non foron moi destacadas.

Esa borrasca aportou aire frío en altura os días 3 e 4, de xeito que as temperaturas descenderon considerablemente, aumentaron as nubes e se rexistraron algunhas chuvias febles e moi irregulares. Estas chuvias foron algo máis xeneralizadas na xornada do 5 cando a borrasca aproximouse a Galicia e unha fronte deixou precipitacións en toda a Comunidade. O día 6 foi unha xornada de transición con algunhas chuvias con algunhas chuvias intermitentes e temperaturas baixas para a época do ano, entrando con algo máis de forza o anticiclón na xornada do día 7.

De tódolos xeitos, na primeira quincena do mes o aire frío acumulado e a presenza de baixas presións no Atlántico norte impediu que o anticiclón collese forza e progresase cara ao norte, polo que estes episodios anticiclónicos estiveron caracterizados por ceos despexados, pero non por temperaturas moi elevadas.

De feito entre os días 8 e 14 Galicia quedou nunha situación intermedia, coas altas presións en Azores e as baixas no Atlántico norte. A xornada máis calorosa neste período foi a do 12, con moitos lugares por riba dos 30°C, pero sen embargo o día de máis chuva nesta primeira quincena foi o 13 cando a entrada de aire frío en altura combinada co aire cálido en superficie deixou chuvascos na primeira metade do día, principalmente na metade sur, moitos deles de carácter tormentoso, rexistrándose máis de 3000 raios nesta xornada.

Os días 14 e 15 volveu a estabilidade coas altas presións entrando en forma de cuña dende os Azores polo que tivemos dúas xornadas de verán con termómetros que en puntos do interior marcaban máximas por riba dos 30°C. Pero o episodio de calor forte de mediados do mes comezaba a partir do día 16.

Nesa data as altas presións situáronse ao norte da península Ibérica e chegou con moita facilidade unha masa de aire de orixe africana a Galicia, xa que levaba varios días na metade sur da península Ibérica. As temperaturas foron xa moi elevadas nese día 16, pero os rexistros destacados chegaban nas xornadas do 17 e 18 cando se superaron con facilidade os 35°C en moitos puntos de Galicia e os 40°C en comarcas como o Miño de Ourense, Valdeorras, Monterrei ou o sur de Lugo. Tamén nesas xornadas as mínimas estiveron en moitos puntos por riba dos 20°C ocasionando noites tropicais.

A xornada do 19 non foi tan calorosa, aínda que a sensación foi de bochorno pola presenza de nubes de evolución, pero o calor tivo un repunte significativo os días 20 e 21, con valores novamente moi preto dos 40°C en puntos do interior.

O día 22 a entrada dunha masa de aire atlántica que cubría os ceos da metade oeste, deixou unha importante e moi significativa caída nas temperaturas e mesmo algunhas chuvias febles e ocasionais, notándose ese aumento de nubes e a caída das temperaturas tamén na metade leste durante a xornada do 23.

As seguintes xornadas do 24, 25 e 26 tivemos un novo anticiclón, localizado desta volta nos Azores, deixando en xeral un ambiente de ceo aberto e temperaturas normais para a época do ano, mesmo algo cálidas o día 25, pero sen chegar aos elevados valores do episodio anterior.

Os derradeiros 4 días do mes quedaron caracterizados por un cambio radical nas condicións atmosféricas, xa que a chegada dunha borrasca aportou inestabilidade, pero ademais achegou aire frío procedente do Atlántico norte, de xeito que as temperaturas descenderon moi bruscamente neses 4 días e as chuvias foron bastante xeneralizadas e por momentos de carácter persistente, principalmente na xornada do 28 co paso dunha fronte fría.

A xornada de temperatura máis baixa de todo o mes rexistrouse ao día seguinte, con valores que non conseguiron superar os 20°C en practicamente ningunha localidade.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) vese con claridade unha zona de presións máis baixas do normal no Atlántico norte, ao sur de Islandia, reflectindo a situación da primeira metade do mes, con aire frío e baixas presións nesa zona. Esta anomalía apréciase tamén no mapa de 500hPa (Figura 2). Neste mapa aparece tamén una área de anomalías positivas que abrangue a península Ibérica e o sur de Europa que representa as situacións de aire cálido asociadas a dorsais que chegaban dende o norte de África, principalmente na segunda quincena do mes, aínda que ocasionalmente tamén na primeira.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa. xuño de 2017




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	XUÑO 2017 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.3/18.7	17.4	19.1 (2005)	14.2 (1972)
Tª mínima media	15.5/15.4	14.3	15.7 (2004)	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	11.9/12.0 (día 7)	4.2 (07/06/1936)		
Tª mínima máis alta	19.0/19.1 (día 18)	20.2 (16/06/2000)		
Tª máxima media	21.1/21.9	20.5	22.7 (2005)	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	21.1/29.9 (día 20/17)	34.8 (03/06/1980)		
Tª máxima máis baixa	17.9/18.3 (día 3)	13.0 (10/06/1966)		
Precipitación acumulada	20	25-45	142 (1935)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	4	7	18 (1935)	1 (1962)

Comentario: Mes en xeral moi cálido para todas as temperaturas. Neste caso pódese apreciar nos valores máximos de temperatura a diferenza entre unha estación costeira e unha urbana. A precipitación rexistrada foi lixeiramente inferior ao rango de valores normais, resultando un mes seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	XUÑO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.1	17.6	20.1 (2005)	15.5 (1992)
Tª mínima media	13.7	12.6	14.2 (2004)	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	9.1 (día 7)	4.8 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	19.9 (día 20)	22.9 (27/06/2012)		
Tª máxima media	24.5	22.2	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	34.4 (día 18)	36.9 (25/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.6 (día 5)	11.3 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	39	37-57	143 (2009)	7 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	20 (1997)	1 (1996)

Comentario: Mes moi cálido en xeral en todas as temperaturas. A chuvia rexistrada están dentro dos valores normais para esta variable. O número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	XUÑO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.2	16.8	19.5 (2004)	14.9 (1992)
Tª mínima media	12.9	11.0	12.9 (2005)	8.8 (1991)
Tª mínima absoluta	6.1 (día 7)	2.8 (11/06/2001)		
Tª mínima máis alta	18.2 (día 19)	17.5 (06/06/2004)		
Tª máxima media	25.4	22.6	26.3 (2004)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	37.3 (día 18)	36.1 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.9 (día 3)	11.0 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	36	22-40	169 (2010)	3 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	6	6	16 (1982)	1 (2011)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas acadouse o valor máximo da serie, polo que o mes resultou extremadamente cálido. Destacan os rexistros históricos acadados nesta localidade.

A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. O mesmo ocorre co número de días de chuvia que acadou o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.0	18.6	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	14.6	13.0	15.3 (2004)	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	9.0 (día 5)	4.6 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	18.7 (día 20)	19.5 (14/06/2003)		
Tª máxima media	25.4	24.1	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	34.3 (día 20)	39.6 (19/06/2003)		
Tª máxima máis baixa	19.7 (día 29)	14.0 (04/06/1963)		
Precipitación acumulada	34	39-61	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	15 (2012)	0 (1962)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.

En canto á precipitación rexistrada está por debaixo do rango normal de precipitación, polo que o mes pódese considerar lixeiramente seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, que case acada o valor climático.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	XUÑO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	22.3	20.2	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	14.7	12.9	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	6.7 (día 5)	2.4 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	20.3 (día 19)	22.1 (27/06/2012)		
Tª máxima media	30	27.5	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	40.3 (día 18)	40.9 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	19.5 (día 29)	12.6 (03/06/1984)		
Precipitación acumulada	34	25-31	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	5	5	14 (1988)	0 (2011)

Comentario: Mes moi cálido en xeral para todas as temperaturas. Destaca a temperatura máxima absoluta, que acadou un valor moi próximo ao máximo histórico da serie.

A chuvia rexistrada está lixeiramente por riba do rango de valores normais, polo que se pode considerar un mes húmido. O número de días de chuvia é o agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2017

5 TEMPERATURA

As temperaturas en media estiveron en xeral por riba do agardado nun mes de xuño, debido á persistencia das situacións anticiclónicas ao principio e no medio do mes, pero sobre todo ao episodio moi cálido que se viviu entre os días 16 e 21, ambos incluídos. A elevada anomalía de temperatura durante este episodio moi cálido foi atenuada en parte nos derradeiros días do mes.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2017.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 23.9 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente na Mariña Lucense e Ortigueira con valores próximos aos 16 °C e os valores máis altos nas comarcas limítrofes cos ríos Miño e Sil e na comarca de Verín, onde o valor medio de temperatura máxima achegouse aos 30°C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño para o territorio galego foi de 12.4°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia onde se acadaron valores próximos aos 7 °C. Os valores máis altos nas comarcas de Vigo e o Baixo Miño, e en gran parte da Comarca de Valdeorras (con valores próximos aos 17 °C).




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xuño, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +1.9 °C. As anomalías foron positivas en toda a Comunidade, oscilando entre +0.2°C (normalidade) en zonas do litoral e puntos do leste de gran parte da provincia de Lugo e Ourense con valores de ata +3.9°C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xuño respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade obtivéronse principalmente nas comarcas de Viana e Verín con anomalías positivas que superaron os $+3^{\circ}\text{C}$.(Táboa 1) e as máis baixas que en todo momento foron positivas, nas comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía ($^{\circ}\text{C}$)
Silleda	Pontevedra	3.7
Vilamartín de Valdeorras	Ourense	3.7
Triacastela	Lugo	3.6
Quiroga	Lugo	3.6
Samos	Lugo	3.6
Petín	Ourense	3.5
Vilardevós	Ourense	3.5
Lalín	Pontevedra	3.5
Rúa (A)	Ourense	3.5
Larouco	Ourense	3.4

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xuño de 2017.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía ($^{\circ}\text{C}$)
Fisterra	A Coruña	0.3
Carnota	A Coruña	0.5
Cee	A Coruña	0.5
Camariñas	A Coruña	0.5
Corcubión	A Coruña	0.5
Muxía	A Coruña	0.5
Muros	A Coruña	0.7
Laxe	A Coruña	0.8
Ribeira	A Coruña	0.8
Cabana de Bergantiños	A Coruña	0.8

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xuño de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. O episodio entre o 16 e o 18 deixou temperaturas xeneralizadas moi altas en practicamente toda a Comunidade.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/06/2017	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	40.9
17/06/2017	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.9
20/06/2017	Remuíño	Arnoia	Ourense	40.5
18/06/2017	Ourense	Ourense	Ourense	40.3
17/06/2017	As Petarelas	Rubiá	Ourense	40.2
17/06/2017	Ourense	Ourense	Ourense	40.1
17/06/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	40.0
17/06/2017	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	39.4
18/06/2017	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	39.3
18/06/2017	Larouco	Larouco	Ourense	38.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/06/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	36.0
17/06/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	34.2
18/06/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	33.6
18/06/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	33.5
18/06/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	32.3
17/06/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	32.3
17/06/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	32.1
18/06/2017	Xurés	Muiños	Ourense	31.8
18/06/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	30.6
16/06/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	30.6

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2017 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Aínda que o día 5 foi o máis frío de forma xeneralizada, a xornada do 30 tamén destacou na alta montaña galega con temperaturas próximas a 0°C.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/06/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.1
30/06/2017	Xares	A Veiga	Ourense	0.4
30/06/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.1
05/06/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	2.5
05/06/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	2.8
05/06/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.1
29/06/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	3.5
30/06/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.8
05/06/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	4.4
30/06/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	4.4

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2017 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/06/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.6
07/06/2017	Lanzós	Vilalba	Lugo	1.4
05/06/2017	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	2.2
05/06/2017	Baltar	Baltar	Ourense	2.6
05/06/2017	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	2.9
05/06/2017	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	3.1
05/06/2017	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	3.7
05/06/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	3.9
05/06/2017	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	4.1
05/06/2017	Alto do Faro	Chantada	Lugo	4.3

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 19.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para xuño.

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.61 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido, debido ás altas temperaturas máximas e mínimas, nas que nos dous casos superouse o valore de +1°C con respecto ao valor climático de referencia. O xuño deste ano acadou un valor moi similar o que xa rexistrara 2015.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias estiveron relativamente preto da normalidade neste mes. Isto foi así porque as chuvias agardadas nun mes de xuño non son moi elevadas e aínda que o mes arrastraba un déficit importante das primeiras semanas, as precipitacións dos 4 derradeiros días do mes, xunto con algúns episodios tormentosos de principios e mediados do mes, foron quen de acumular cantidades suficientes para achegarse ou mesmo superar a media climática.

A chuvia media no mes de xuño obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 48 L/m², estando dentro dos valores normais nun mes de xuño. Os valores máis altos foron os rexistrados na montaña de Lugo (principalmente as comarcas dos Ancares e o Courel) con valores de 130 L/m². Os valores máis baixos acadáronse en Verín, con valores entorno aos 5 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual xuño 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 14 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Os valores máis altos acadáronse na comarca de Fonsagrada e norte de Ancares, entorno ao 200% do normal. A situación oposta en zonas do suroeste de Ourense, onde non se chegou ao 20% da precipitación normal para este mes.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xuño de 2017.

6.3. Días de chuvia en xuño de 2017

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 6.2. Os valores máximos obtivéronse na Mariña Lucense, con valores próximos aos 10 días. Os valores máis baixos, na comarca de Verín, acadándose ata 2 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de xuño de 2017.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xuño. As cantidades maiores de precipitación acumulada estiveron principalmente no leste da provincia de Lugo, os valores de precipitación máis altos en 24 horas sucederon nas xornadas do 27.

Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2017			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Abradelo	Samos	Lugo	105
Ancares	Cervantes	Lugo	102
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	98
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	97
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	90
Marco da Curra	Monfero	A Coruña	85
Labrada	Abadín	Lugo	85
Pereira	Forcarei	Pontevedra	81
Courel	Folgozo	Lugo	80
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	78

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2017.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	49	27/06/2017 13:00
Courel	Courel	Lugo	46	27/06/2017 14:30
Castrove	Castrove	Pontevedra	38	27/06/2017 11:30
Marco da Curra	Marco da Curra	A Coruña	38	27/06/2017 12:30
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	38	27/06/2017 13:40
Rebordelo	Rebordelo	Pontevedra	38	27/06/2017 13:50
A Armenteira	A Armenteira	Pontevedra	37	27/06/2017 11:20
Ancares	Ancares	Lugo	37	29/06/2017 11:30
Abradelo	Abradelo	Lugo	36	29/06/2017 10:20
Labrada	Labrada	Lugo	36	27/06/2017 13:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en xuño de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 41 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para xuño.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 17 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como normal.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Neste mes de xuño non houbo ningunha estación que rexistrase máis de 100 km/h. Destacan as elevadas porcentaxes de calmas que presentan as estacións. A xornada do 28 foi unha das máis ventosas.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	77.7	N	21	<p>INTENSIDADES PONDEADAS AS COA DIRECCIÓN # Lira (15135) # 062017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Lira (15135) # 062017</p>
		Día 27				
Pta. Candieira	Cedeira	97.6	NE	21	<p>INTENSIDADES PONDEADAS AS COA DIRECCIÓN # Punta Candieira (15052) # 062017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Punta Candieira (15052) # 062017</p>
		Día 28				
Malpica	Malpica	81.5	NO	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS AS COA DIRECCIÓN # Malpica (15093) # 062017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Malpica (15093) # 062017</p>
		Día 28				
Marco da Curra	Monfero	72.5	NO	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS AS COA DIRECCIÓN # Marco da Curra (15046) # 062017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Marco da Curra (15046) # 062017</p>
		Día 5				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Xuño de 2017 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	68.3	E	21		
		Día 28				
Ancares	Cervantes	78.0	NE	14		
		Día 28				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Xuño de 2017 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	78.8	O	13		
		Día 28				
Rodicio	Maceda	71.4	NE	15		
		Día 19				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	62.9	NO	43		
		Día 19				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Xuño de 2017 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	74.4	N	19		
		Día 28				
Ons	Bueu	75.4	NO	8		
		Día 28				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xuño de 2017 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xuño de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de xuño 3845 raios en Galicia destacando as xornadas do días 13 na que se rexistraron máis de 3000 raios, (figura 15). A meirande parte dos raios rexistráronse nas provincias de Lugo e Ourense, con moita diferenza con respecto as provincias atlánticas, nas que por exemplo, A Coruña tan só detectou un raio (figura 16).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en Xuño de 2017.




Figura 16: Número de raios por provincia detectados en Galicia en Xuño de 2017.



Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en xuño en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que o valor rexistrado é moi similar a outros anos en xuño, desde que se empezou o rexistro de datos de raios en Galicia, moi lonxe do máximo rexistrado no ano 2014.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xuño dende 2010 a 2017.

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 6

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	16.2	20.3	31.7	20	13.1	9.2	7	48	14.6	28	-77	81	94	62	54	249	2213	16	79	5	970	8	0				
Aldea Nova	16.9	21.24	31.5	18	13.0	9.0	7	59	14.8	29	-56	85	99	62	46	202	1987	7	62	16	985	9	0				
Arzúa	17.8	24.3	35.1	17	11.8	5.2	7	42	13.6	28	-113	79	98	53	56	255	2265	6	46	28	974	9	0				
Camariñas	17.2	19.42	26.4	20	14.7	9.8	7	26	10.6	5	-102	80	90	67	58	264	2314	16	76	12	1016	5	0				
Cariño	17.4	19.82	23.2	18	15.0	10.6	7	38	12.6	28	-74	85	96	73	47	216	2005	14	84	28	1017	8	0				
Cespción	19.6	25.63	34.2	16	14.0	9.3	5	56	22.6	5	-98	76	97	53	64	293	2412	7	50	29	1012	8	0				
CIS Ferrol	18.6	23.47	34.8	18	14.4	9.1	7	27	13.1	28	-108	79	97	58	58	264	2207	10	53	5	1014	7	0				
Corrubedo	18.7	23.82	29.9	19	14.5	10.1	7	12	4.0	5	-146	75	91	55	65	294	2523	10	58	28	1013	5	0				
Coruña-Dique	17.3	19.69	25.8	20	15.2	11.1	7	18	6.8	29	-	83	92	70	-	-	-	14	66	5	1017	7	0				
Coruña-Torre de Hércul	18.0	21.1	26.6	20	15.5	11.9	7	19	6.9	28	-	78	88	65	-	-	-	-	-	-	-	-	-	8	0		
*Costa	18.8	25.1	34.4	20	13.3	8.0	5	30	7.4	29	-	80	98	56	-	-	-	3	45	5	997	7	0				
*Coto Muiño	17.0	23.46	34.4	17	10.7	4.9	7	51	12.9	27	-	83	99	59	-	-	-	2	36	5	-	9	0				
Fontecada	17.1	22.53	33.6	18	12.1	7.7	7	46	13.9	5	-86	77	94	54	56	257	2201	10	57	29	975	7	0				
*Guisamo	18.1	22.81	33.5	20	14.1	9.7	5	62	16.0	27	-	73	88	54	-	-	-	4	32	28	997	10	0				
*Lesende	18.6	24.06	32.9	16	13.5	9.1	5	32	10.6	27	-120	70	87	50	60	272	2381	3	34	27	997	7	0				
Lira	18.3	22.41	30.7	20	14.5	11.3	7	16	5.8	27	-131	76	92	59	66	299	2480	15	77	27	-	6	0				
Mabegondo	18.2	24.11	35.1	20	12.5	6.0	7	54	17.1	28	-77	81	97	59	55	252	2171	6	59	5	1007	10	0				
Malpica	16.7	20.98	30.7	19	13.6	10.0	5	18	6.3	27	-91	85	97	68	58	267	2278	17	81	28	999	7	0				
Marco da Curra	15.8	20.73	31.9	18	11.7	7.5	5	85	26.0	27	-31	83	97	63	52	236	2014	13	72	5	943	11	0				
Melide	17.7	24.24	34.6	17	11.6	5.3	5	56	16.6	28	-89	78	96	53	57	260	2350	6	48	28	963	7	0				
Muralla	16.5	20.93	30.3	18	12.6	7.8	6	72	24.3	5	-49	81	96	58	56	255	2119	18	76	5	942	11	0				
*O Val	17.9	22.71	33.1	18	13.1	7.6	7	26	10.0	28	-	79	94	61	-	-	-	4	41	28	1009	6	0				
Olas	16.7	22.69	34.0	17	11.8	7.0	5	48	12.5	28	-98	85	100	60	51	232	2042	8	55	5	-	12	0				
*Ordes	17.5	23.87	35.5	18	11.3	4.7	7	39	12.4	28	-	77	95	52	-	-	-	4	39	5	985	7	0				
*Paramos	17.1	22.63	33.2	18	11.8	6.8	7	39	10.9	29	-	85	99	62	-	-	-	6	44	15	975	6	0				
*Pazo de Galegos	19.1	25.66	35.6	20	13.5	7.6	5	34	13.0	28	-105	79	97	54	53	242	2225	3	30	29	991	7	0				
Punta Candieira	17.1	20.66	32.1	18	14.4	11.3	29	14	4.4	29	-112	83	96	66	55	254	2243	17	97	28	987	10	0				
Punta Langosteira	17.0	18.81	22.5	20	15.1	11.6	7	19	7.1	28	-	77	85	67	57	236	2150	12	75	5	1015	6	0				
Río do Sol	15.8	20.31	32.3	18	12.3	7.9	5	59	14.5	28	-62	84	96	63	55	252	2202	16	62	5	955	11	0				
*Rus	18.0	23.59	35.9	20	12.2	6.6	7	36	9.7	28	-	82	99	60	-	-	-	3	41	30	1002	8	0				
Sálvora	17.7	20.44	26.7	20	15.5	13.3	7	21	7.6	28	-119	83	93	69	72	328	2589	16	65	28	-	7	0				
Santiago-EOAS	18.6	24.48	34.4	17	13.6	9.1	7	38	15.5	28	-100	76	93	53	51	231	2150	6	49	28	988	7	0				
Santiago-San Lázaro	18.2	23.63	34.2	17	13.5	8.7	7	23	9.2	28	-	74	91	50	56	255	2273	9	47	28	982	6	-				
Sergude	18.8	25.12	34.8	17	13.2	7.4	5	37	13.3	28	-	76	95	51	48	221	2171	-	-	-	-	8	0				
Serra da Faladoira	15.2	18.88	30.0	19	12.1	8.1	5	75	18.8	29	-32	86	97	67	43	197	1965	15	70	5	951	13	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 6

Provincia Estación	Tª °C				Tª Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med		Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.		Choiva	Xeada
Lugo																								
A Pontenova	16.5	21.48	34.2	20	13.1	7.3	7	52	14.8	30	-	85	96	67	38	174	1693	--	--	-	-	-	13	0
Abradelo	17.4	24.02	35.3	21	12.1	4.6	5	104	23.1	27	-	76	95	52	54	244	2141	-	-	-	-	-	8	0
Alto de Cerredo	16.2	20.97	31.9	17	12.2	6.1	5	52	12.4	28	-	78	94	58	-	-	-	5	56	28	908	-	8	0
*Alto do Faro	16.1	21.53	32.3	17	11.1	4.3	5	74	27.0	28	-	78	96	53	-	-	-	6	46	28	922	-	10	0
*Alto do Poio	15.5	19.87	30.5	18	11.2	3.8	30	90	26.0	28	-	74	92	52	-	-	-	8	63	29	-	-	11	0
Ancares	15.6	20.03	30.6	18	11.4	3.5	29	101	29.4	30	-40	73	91	52	55	252	2129	13	78	28	867	-	11	0
*Borreiros	17.3	22.03	29.4	19	13.0	6.7	7	59	22.0	30	-45	83	96	63	39	178	1726	4	49	5	1010	-	12	0
Bóveda	19.3	27.04	38.7	17	12.9	5.3	5	35	9.4	13	-120	71	93	42	58	264	2291	6	39	27	967	-	7	0
Burela	15.7	18.43	30.6	20	13.3	9.9	4	68	15.2	26	-30	86	96	73	41	190	1810	11	68	28	-	-	13	0
Campus Lugo	18.4	25.37	37.3	18	12.9	6.1	7	36	11.4	28	-102	76	96	48	49	222	2135	6	41	5	971	-	8	0
Castro R. de Lea	17.4	24.08	35.1	18	12.2	4.9	7	31	9.7	28	-	82	97	56	46	212	1979	-	-	-	969	-	9	0
Conchada	19.0	26.5	37.6	18	13.3	6.6	30	46	14.6	28	-	75	95	48	55	252	2357	-	-	-	-	-	8	0
Corno do Boi	16.1	21.71	33.2	18	11.5	6.1	4	57	13.8	28	-68	82	98	57	53	243	2147	11	68	28	-	-	12	0
Courel	18.3	25.08	36.4	18	12.6	5.2	5	79	25.6	27	-74	69	92	43	56	248	2184	7	72	19	929	-	8	0
*Fontaneira	16.0	21.62	32.5	18	11.5	5.5	5	56	12.2	28	-75	81	96	60	49	225	2145	3	53	28	912	-	9	0
Foz	16.8	20.1	25.5	20	13.6	7.8	7	43	7.2	27	-61	85	96	70	38	176	1797	9	65	5	1010	-	10	0
Fragavella	15.1	19.26	30.7	20	10.9	4.6	7	67	9.6	26	-33	89	99	71	40	185	1817	10	70	5	949	-	18	0
Guitiriz-Mirador	16.1	21.83	34.0	18	11.8	6.5	4	66	21.1	28	-53	82	98	58	47	213	2018	10	61	28	939	-	13	0
*Labrada	15.5	19.97	31.3	20	11.7	5.9	5	84	21.0	28	-23	84	97	63	42	193	1888	8	57	28	-	-	13	0
*Lanzós	16.0	22.52	34.0	18	9.2	1.4	7	64	18.8	29	-	82	97	58	-	-	-	3	43	16	962	-	6	0
*Lourenzá	17.9	22.99	36.1	20	13.7	7.2	7	37	12.0	30	-	84	98	64	-	-	-	3	43	5	-	-	11	0
Marroxo	18.5	25.45	36.8	18	13.3	8.0	4	34	12.4	28	-108	73	93	44	46	207	2083	5	52	19	944	-	9	0
*Millara	20.1	28.24	39.4	17	14.0	7.6	7	31	13.1	13	-	72	95	42	-	-	-	6	52	29	-	-	7	0
*Morelle	18.6	25.89	37.2	18	12.3	5.6	7	46	13.6	13	-77	79	98	51	44	200	2006	3	39	29	969	-	8	0
O Cebreiro	15.6	21.8	33.5	18	10.1	3.1	5	96	32.2	26	-41	78	96	58	56	254	2225	14	71	28	872	-	12	0
O Xipro	16.4	22.55	34.7	18	11.9	5.8	7	67	21.2	30	-86	83	98	57	40	185	1984	9	57	28	928	-	10	0
*Olveda	17.4	24.23	36.9	17	11.7	4.8	5	37	14.1	28	-100	82	99	55	55	248	2268	6	40	28	-	-	8	0
Pedro Murias	17.5	20.53	26.0	20	14.8	10.4	7	50	15.6	30	-49	81	89	70	34	158	1612	7	60	5	1012	-	11	0
Penedo do Galo	14.9	18.09	31.0	19	12.4	8.4	6	69	15.3	30	--	89	98	73	40	182	1800	18	99	28	-	-	16	0
Pol	16.4	22.42	33.3	21	11.9	6.4	7	52	14.5	28	-	82	99	55	49	226	2051	-	-	-	943	-	10	0
Portomarín	18.5	26.31	38.3	18	12.3	6.1	5	42	10.8	29	-	78	99	48	46	208	1887	-	-	-	966	-	9	0
Sambreixo	16.7	23.37	35.1	18	10.4	3.1	5	46	14.3	28	-	79	96	52	47	216	1945	-	-	-	-	-	9	0
*San Clodio	21.4	29.16	40.8	18	14.3	6.3	5	36	11.6	29	-	67	93	39	-	-	-	4	36	27	987	-	9	0
*San Fiz	19.2	26.1	36.8	17	13.7	7.3	5	28	10.4	29	-127	75	95	49	49	224	2305	8	44	9	971	-	5	0
Ventosa	16.6	22.63	33.8	18	11.4	4.3	5	98	24.3	27	-31	79	96	54	48	213	2021	9	78	28	914	-	9	0
*Vilamor	17.3	21.82	34.9	20	13.3	6.3	5	39	11.2	30	-65	80	92	62	35	162	1736	4	34	28	-	-	7	0
*Xabrega	19.8	27.61	37.8	18	13.4	6.6	5	33	10.2	28	-117	70	91	40	47	216	2155	5	44	27	980	-	7	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 6

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med		Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día	Med.		Choiva	Xeada
Ourense																								
A Mezquita	18.7	25.12	34.2	17	12.4	5.0	5	20	6.2	29	-161	62	85	38	72	325	2683	10	66	13	903	8	0	
*A Portela	21.8	29.61	40.8	17	14.8	7.2	5	33	15.2	28	-141	62	89	35	61	277	2322	6	38	11	-	7	0	
*A Trabe	20.2	26.41	35.7	17	14.1	7.3	5	22	12.7	27	-161	61	84	38	70	315	2632	5	44	19	929	5	0	
Alto do Rodicio	16.7	22.01	32.0	18	11.9	6.1	5	55	16.4	29	-94	77	95	53	61	278	2419	10	71	19	907	9	0	
Amiudal	18.5	25.47	35.5	18	12.9	6.7	5	37	13.0	28	-130	70	91	43	66	288	2561	10	81	28	954	7	0	
As Petarelas	20.3	28.87	40.2	17	13.2	5.4	5	50	17.0	26	-	65	91	37	64	290	2490	-	-	-	-	7	0	
Baltar	17.8	25.88	36.4	17	9.3	2.6	5	23	5.8	13	-135	70	98	36	63	283	2415	8	76	19	926	9	0	
Cabeza de Manzaneda	13.4	16.63	26.1	17	9.6	0.1	30	67	25.6	29	-82	68	90	41	60	274	2417	18	90	28	828	9	0	
*Calvos	16.1	23.89	33.5	18	7.4	-0.6	5	34	11.8	28	-123	77	99	45	65	294	2528	7	50	28	-	8	1	
Casaio	17.3	22.03	32.1	17	12.9	4.4	30	35	10.7	26	-	62	81	41	-	-	-	6	64	19	-	11	0	
*Corzos	16.5	22.71	32.3	17	10.4	2.8	5	39	12.0	27	-	69	91	46	-	-	-	7	43	29	-	8	0	
Entrimo	18.9	25.48	34.6	17	12.6	6.4	5	60	15.8	27	-	71	91	47	65	295	2512	-	-	-	-	8	0	
*EVEGA Leiro	21.0	30.12	36.5	17	13.3	6.1	5	22	8.2	29	-	68	94	37	-	-	-	2	29	27	1004	6	0	
Gandarela	19.2	26.68	36.4	18	13.3	7.5	30	34	14.9	29	-124	73	93	46	61	275	2385	7	62	19	946	7	0	
Lardeira	14.8	19.17	29.2	17	10.8	1.1	30	56	24.8	26	-101	70	87	48	62	282	2425	15	92	19	841	11	0	
*Larouco	20.6	28.09	38.9	18	14.0	7.2	5	33	7.7	13	-	59	82	33	-	-	-	4	34	28	957	10	0	
Laza	20.1	28.08	38.4	17	12.9	5.8	5	30	7.0	27	-113	65	92	36	63	285	2428	7	51	13	-	9	0	
Monte Medo	18.6	25.35	35.5	18	12.3	5.1	5	31	12.8	29	-	73	96	45	58	262	2264	-	-	-	-	8	0	
O Invernadeiro	17.9	25.93	36.0	17	9.8	2.5	5	57	17.1	27	-119	66	90	39	67	303	2616	9	57	13	903	8	0	
Ourense	21.9	29.97	40.3	18	14.7	6.7	5	33	12.8	13	-	62	88	33	-	-	-	-	-	-	-	7	0	
Ourense-Estacións	22.2	29.81	39.3	18	15.6	8.6	5	39	15.7	13	-133	62	87	35	60	273	2366	5	45	29	1002	7	0	
*Pazo de Fontefiz	19.6	26.46	36.5	18	13.7	7.0	5	33	12.7	13	-132	68	89	43	61	279	2421	4	35	13	970	5	0	
*Ponte Boga	19.7	26.77	37.6	18	13.8	6.4	5	23	10.4	29	-135	62	81	38	51	231	2159	5	48	19	963	7	0	
*Prado	21.0	28.84	38.3	17	14.1	7.2	5	13	5.3	29	-	68	90	42	-	-	-	2	32	28	1002	6	0	
Remuíño	21.0	30.88	40.5	20	13.4	6.7	5	33	8.0	28	-126	72	96	39	56	253	2308	3	42	28	-	7	0	
*Ríos	19.3	26.52	36.1	18	12.5	5.5	5	15	5.9	28	-147	68	93	40	56	251	2431	-	29	28	-	8	0	
San Xoán de Río	16.8	22.73	33.6	18	11.9	5.1	30	40	16.3	28	-107	77	95	50	61	275	2365	14	64	28	902	7	0	
Serra do Eixe	16.6	21.88	32.3	18	11.7	4.4	5	62	23.1	29	-95	73	92	50	63	288	2430	11	74	19	881	9	0	
Verín-Vilamaior	20.9	29.32	38.7	18	13.6	6.9	5	12	5.2	13	-167	64	90	35	63	268	2532	6	48	28	955	5	0	
Verín-Vilela	20.7	29.9	40.0	17	11.6	3.9	5	17	9.1	25	-155	69	97	36	67	302	2523	5	47	28	-	7	0	
Viana do Bolo	18.6	26.09	36.7	17	11.7	4.1	5	16	5.9	27	-137	71	95	43	63	286	2299	7	47	19	921	6	0	
Xares	14.3	18.3	27.4	17	10.2	0.4	30	41	12.8	27	-116	69	89	45	64	291	2495	18	89	29	828	10	0	
*Xinzo	18.9	27.38	38.2	18	10.7	2.2	5	44	14.6	25	-112	75	99	45	61	276	2410	5	42	19	-	8	0	
Xurés	17.5	22.47	31.8	18	12.3	5.5	30	43	11.6	28	-130	69	90	47	68	309	2633	12	78	28	900	8	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 6

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	18.1	23.64	32.5	20	12.6	7.8	7	51	22.6	28	-94	78	94	58	60	274	2375	5	38	5	-	-	-	7	0		
A Granxa	20.0	27.34	36.1	20	12.7	7.6	5	37	12.8	28	-119	74	96	48	61	276	2426	5	44	28	1012	-	-	8	0		
A Lanzada	18.9	24.38	33.9	20	14.4	9.3	5	30	13.4	28	-128	78	94	56	71	324	2612	14	58	5	-	-	-	7	0		
*Areas	20.1	28.42	37.7	20	13.5	9.1	5	41	15.4	28	-	76	98	48	-	-	-	1	24	12	-	-	-	8	0		
*Areiro	19.1	24.34	32.8	20	14.3	9.1	5	29	11.0	27	-	75	92	55	-	-	-	3	33	28	1008	-	-	5	0		
*As Eiras	19.4	25.21	33.3	20	13.9	9.8	5	25	7.0	27	-128	76	96	53	60	273	2420	3	34	28	1011	-	-	7	0		
*Barrantes	19.0	25.08	32.5	20	12.8	7.2	7	30	15.6	28	-110	77	96	55	58	266	2236	3	33	28	-	-	-	7	0		
Cabo Udra	18.4	22.31	30.2	20	15.4	11.4	5	29	12.0	27	-120	80	94	65	66	301	2568	13	62	28	-	-	-	5	0		
Caldas de Reis	18.9	25.32	34.2	18	13.8	9.4	7	50	15.9	29	--	59	87	33	58	255	2330	--	--	-	986	-	-	8	0		
*Camanzo	18.9	25.6	35.5	20	13.2	6.5	5	34	13.9	29	-102	77	95	52	53	242	2184	4	43	5	993	-	-	7	0		
Cangas-Porto	19.0	22.67	31.5	20	15.9	11.5	7	16	5.8	28	-	74	88	58	-	-	-	9	49	28	-	-	-	6	0		
Castro Vicaludo	17.7	21.14	31.8	19	14.5	10.2	4	44	11.3	28	-104	75	91	57	63	283	2443	12	91	28	962	-	-	8	0		
Castrove	18.4	23.63	32.8	20	13.8	8.6	5	58	22.1	28	-88	74	92	54	62	284	2338	9	65	15	967	-	-	8	0		
*Cequelíños	20.7	28.2	38.4	20	14.4	8.0	5	34	15.6	28	-135	69	93	42	62	280	2400	7	42	28	-	-	-	6	0		
Corón	19.2	23.31	32.1	20	15.8	11.7	5	27	9.2	29	-138	74	89	54	69	313	2638	15	61	16	1015	-	-	6	0		
*Entenza	20.4	27.77	37.2	20	13.7	8.3	5	30	9.0	28	-123	74	98	47	59	266	2344	2	33	30	-	-	-	7	0		
Fornelos de Montes	18.1	22.7	31.9	18	13.8	7.4	4	75	23.2	28	-75	72	91	49	62	281	2284	12	74	28	937	-	-	9	0		
Illas Cíes	18.5	22.15	31.3	20	15.4	11.8	7	24	8.3	28	-123	83	97	68	66	297	2520	9	57	28	-	-	-	5	0		
Lalín	17.7	23.55	33.4	18	12.4	6.2	7	41	12.8	28	-	75	95	49	-	-	-	8	55	29	-	-	-	8	0		
*Louredo	18.7	24.96	33.7	20	13.5	8.6	5	23	9.5	28	-	78	96	57	-	-	-	2	29	29	988	-	-	7	0		
Lourizán	19.6	25.38	34.3	20	14.5	9.0	5	34	12.8	27	-113	79	97	57	58	255	2329	3	45	28	--	-	-	6	0		
*Meder	20.3	27.28	36.1	18	14.2	9.1	5	38	11.8	28	-	68	89	43	-	-	-	1	21	28	1000	-	-	8	0		
Monte Aloia	18.5	24.69	36.2	20	13.9	9.1	5	48	12.4	5	-103	77	95	55	58	264	2380	8	60	28	962	-	-	8	0		
Mouriscade	17.4	24.28	34.3	17	10.4	2.9	5	42	13.4	28	-117	78	93	58	57	259	2290	6	59	29	959	-	-	8	0		
O Viso	19.1	26.26	35.5	20	13.4	8.6	5	37	15.5	28	-114	74	93	51	58	261	2292	8	65	28	986	-	-	8	0		
Ons	18.0	21.79	30.9	20	14.8	11.2	7	30	13.2	28	-118	83	95	67	73	330	2743	16	75	28	1004	-	-	6	0		
*Pé Redondo	19.7	25.38	33.5	20	14.5	10.1	5	40	19.2	28	-98	77	94	56	55	250	2141	1	39	5	-	-	-	8	0		
Pereira	16.7	22.15	31.7	17	11.7	5.3	5	80	21.6	28	-	79	96	56	60	273	2367	-	-	-	936	-	-	12	0		
*Ponte Caldelas	18.5	24.3	33.3	18	12.7	5.8	5	78	30.5	27	-92	72	91	51	62	281	2385	7	51	28	976	-	-	9	0		
Pontevedra-Campolongo	20.5	26.97	35.8	20	15.2	10.0	5	41	15.4	28	-	69	89	47	-	-	-	3	43	28	-	-	-	7	0		
Queimadelos	19.9	27.36	36.6	17	14.5	9.0	5	53	22.8	28	-91	72	91	48	48	218	2163	1	33	28	974	-	-	9	0		
Rebordelo	17.8	24.72	33.8	20	10.5	3.7	5	68	27.1	28	-	78	99	51	61	279	2374	-	-	-	976	-	-	9	0		
Sanxenxo	19.3	24.26	34.0	20	14.9	10.6	7	33	14.0	28	-128	73	91	53	63	287	2535	4	42	28	1013	-	-	7	0		
Serra do Faro	16.3	21.47	32.2	17	11.7	5.5	4	50	17.0	28	-98	73	92	50	55	251	2297	15	67	28	906	-	-	8	0		
*Simes	19.5	25.85	35.0	20	13.3	8.6	7	37	13.1	27	-119	74	95	53	64	290	2459	1	32	11	-	-	-	6	0		
*Soutomaior	19.4	25.33	34.4	20	14.3	8.9	5	30	15.2	28	-	67	85	47	-	-	-	3	35	5	997	-	-	6	0		
*Torrequeintás	19.7	25.65	34.2	20	14.2	8.4	5	27	10.1	28	-126	67	86	46	58	265	2270	4	38	28	1009	-	-	7	0		
*Tremoedo	19.4	24.8	33.0	19	14.2	9.1	5	22	11.7	28	-	69	87	49	-	-	-	4	33	11	1009	-	-	5	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

Vigo	19.5	24.02	32.0	20	15.1	11.1	7	18	8.6	28	-	73	90	55	-	-	-	-	-	-	7	0	
Vigo-Campus	18.3	22.09	31.9	19	14.8	9.6	4	50	13.5	28	-114	70	88	50	68	310	2580	6	55	28	964	7	0
Xesteiras	16.5	20.89	31.5	19	12.4	7.2	4	62	17.4	5	-	75	93	53	-	-	-	19	82	28	-	11	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.